
A COELLIÑA MARCELA

Texto de ESTHER TUSQUETS

Ilustracións de MARÍA HERGUETA

Tradución de XOSÉ BALLESTEROS

Encadernado en cartonné. 22 x 22 cm. 48 páx. 13 €

A coelliña Marcela (galego)

ISBN 978-84-8464-773-7. Demademora.


La conejita Marcela (castelán)

ISBN 978-84-92608-45-4. Libros para soñar.

...Os coellos brancos andaban sempre moi ergueitos e miraban de fronte cara adiante e , pola contra, os coellos negros andaban coa cabeza gacha mirando cara ao chan. Esa era a razón pola que os coellos brancos e os coellos negros nunca cruzaban as súas miradas...

Marcela é unha coelliña distinta aos demais habitantes da súa comunidade. Non só polo seu ollo birollo, que lle tapan cuns anteollos afumados, senón porque non se adapta ás normas establecidas e por iso un día escapa. O seu seguinte destino é un poboado de coellos negros e brancos que funciona ao revés do seu lugar de procedencia. Mais no fondo, “todo era o mesmo: uns bebían a auga limpa e os outros a auga sucia, uns comían a herba fresca, e outros a herba seca, uns pisaban e os outros eran pisados”, reflexiona Marcela con amargura.

Esta fábula, escrita en 1979, aborda cuestións como a educación en igualdade, o respecto polas diferenzas, a tolerancia e a convivencia entre culturas, razas e crenzas. A súa protagonista é rebelde, ousada e nada convencional; rexeita as inxustizas e procura a felicidade, fiel aos seus ideais.



- **Temática:** fábula sobre a igualdade, o respecto e a tolerancia.
- **Idade recomendada:** a partir de 7 anos.
- **Aspectos destacables:** crítica social contra as inxustizas e o clasismo; defectos físicos ou discapacidades; metáfora da vida real; ilustracións que mesturan o trazo realista cunha técnica de coloración moderna.

Esther Tusquets

(Barcelona, 1936)

Foi alumna do Colexio Alemán e posteriormente estudou Filosofía e Letras nas Universidades de Barcelona e de Madrid. Durante varios anos foi profesora de Literatura e Historia na Academia Carillo. Na década dos 60 fundou a editorial Lumen, da que foi directora durante 25 anos. En 1978 publicou a súa primeira novela, “El mar de todos los veranos”, a primeira dunha triloxía á que lle seguiu en 1979 “El amor es un juego solitario”, coa que gañou o Premio Cidade de Barcelona, e concluiu ao ano seguinte con “Varada tras el último naufragio”. Tamén é autora de contos infantís e libros de relatos. Entre as súas obras máis recentes figuran “Bingo” (2007), “Prefiero ser mujer” (2006) e “Confesiones de una editora poco mentirosa” (2005). Testemuña de excepción e protagonista activa dun mundo no que a lei da oferta e da demanda chegaba a substituír os valores estritamente literarios, Esther Tusquets practicou sempre o humor, a vivacidade, o aprezo polos libros e a literatura. Na súa ampla traxectoria editorial contribuíu a forxar o camiño profesional de autores como Miguel Delibes, Ana María Matute, Pablo Neruda, Carlos Barral, Anna María Moix, Cristina Peri Rossi e Carmen Martín Gaité, entre outros.

María Hergueta

(Valencia, 1984)

Licenciada en Belas Artes pola Universidade de Salamanca. Tamén estudou na Escola Massana de Arte e Ilustración, e nas facultades de Belas Artes de Brera (Italia) e de Barcelona, cidade na que actualmente reside e traballa.

www.cargocollective.com/mariahergueta